



Temas	Subtemas
1. Relatar accións passadas, presentes ou futuras. Expressar hipótese (condición irreal)	1.1. Imperfeito do Conxuntivo (I). Orações condicionais com "se" 1.2. Expressões idiomáticas que evidenciam aspetos asociados à cultura portuguesa
2. Expressar sentimentos, ordem, dúbida etc. Fazer comparacións reais, irrealis e hipotéticas	2.1. Imperfeito do Conxuntivo (II). Orações dubitativas, completivas, conxuncionais e relativas de eventualidade. Orações exclamativas de desejo. Estructuras comparativas 2.2. Hábitos e modos de vida da juventude. Profissões inovadoras
3. Expressar accións eventuais no futuro. Exprimir hipótese (condición real)	3.1. Futuro do Conxuntivo (I). Orações condicionais com Imperfeito do Conxuntivo ou Futuro do Conxuntivo 3.2. Aspetos ligados ao traballo em Portugal e na União Europeia
4. Expressar idea de futuro. Exprimir condición total	4.1. Futuro do Conxuntivo (II). Orações temporais e concessivas. Conjugação pronominal mesoclítica 4.2. Turismo ecológico
5. Relatar fatos formais e informais. Enfatizar o discurso.	5.1. Infinitivo Pessoal Simple e Composto. Orações subordinadas adverbiais. Topicalização. Conjunções e locuções conxuncionais causais. Discurso directo e indirecto 5.2. Aspetos ligados à realidade dos países de língua portuguesa

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	1	5	6
Obradoiro	8	12	20
Prácticas a través de TIC	1	5	6
Presentación oral	1	3	4
Proba mixta	2	15	17
Sesión maxistral	10	10	20
Traballos tutelados	2	16	18
Discusión dirixida	8	10.5	18.5
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Considérase ?lectura? calquera tipo de material (textos de manuais, xornais, revistas, foros de internet etc.) que o/a alumno/a terá que coñecer para a realización de certas actividades de maneira presencial ou non presencial.
Obradoiro	Os obradoiros son aulas centradas no desenvolvemento de prácticas de comprensión lectora e de produción escrita (resolución de exercicios, corrección e elaboración de textos).
Prácticas a través de TIC	O/a alumno/a deberá facer uso das novas tecnoloxías para preparar actividades propostas nas aulas.
Presentación oral	A interacción oral será corrente nas sesións presenciais e poderán ser presentados oralmente traballos ou actividades específicas. A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos contidos vehiculados constitúen os principais elementos a levar en conta polo alumnado neste tipo de actividade.
Proba mixta	Consta fundamentalmente de unha proba escrita que permite avaliar coñecementos, capacidades, habilidades etc. en destrezas como a comprensión e a produción escritas. Pode combinar preguntas de resposta múltipla, de resposta breve, de ordenación, de asociación, de discriminación?



Sesión maxistral	As sesións maxistrais consistirán en exposicións orais de carácter fundamentalmente teórico á volta dos contidos básicos da materia. Nestas aulas utilizaranse diversos textos seleccionados especificamente para a análise e a comprensión dos contidos; resolveranse as dúbidas a respecto dos temas propostos e facilitarase bibliografía específica. Nestas sesións guiarase o alumnado no proceso de aprendizaxe e mostraranse recursos que faciliten o desenvolvemento do traballo autónomo.
Traballos tutelados	Baixo a coordinación do/da docente, os/as alumnos/as levarán a cabo diversas actividades, ben de maneira individual ben organizados en pequenos grupos, a fin de partillaren información, coñecementos e habilidades.
Discusión dirixida	Actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, en que serán postos en práctica a expresión e a comprensión orais en lingua portuguesa. Serán presentados e comentados diversos temas baixo a supervisión do/da docente. Nestas sesións prestarase unha especial atención á participación activa do estudiantado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para a realización dos traballos tutelados, é fundamental que o/a alumno/a informe periodicamente tanto dos seus progresos como das súas dificultades co obxectivo de atinxir unha orientación adecuada. Alén diso, o/a estudante poderá realizar todo tipo de consultas a respecto de desenvolvemento dos traballos, quer no horario de atendimento quer por medio do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	As intervencións, orais e escritas, do/da estudante durante as sesións presenciais serán obxecto de avaliación, levando en conta especialmente os recursos comunicativos de cada alumno/a e a súa capacidade para resolver os problemas colocados.	10
Obradoiro	Serán realizadas actividades de diferente tipoloxía e con variados obxectivos (léxico, gramática, fonética, ...) destinadas a aumentar a capacidade comunicativa do estudiantado.	20
Presentación oral	Os/as alumnos/as terán que realizar unha proba oral, orientada á demostración da súa competencia comunicativa en lingua portuguesa.	15
Proba mixta	Cada estudante deberá realizar unha proba mixta de comprensión oral e escrita e de produción escrita (exercicios, elaboración de textos breves), en que se avaliarán os coñecementos adquiridos tanto nas sesións maxistrais como nos grupos intermedios e pequenos.	40
Traballos tutelados	Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, a participación ao longo dos traballos realizados nas sesións presenciais destinadas ao efecto, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado". Valorarase especialmente a aprendizaxe colaborativa.	15

Observacións avaliación



Todas

as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.

Para

superar a materia, a cualificación mínima da proba mixta deberá atinxir no mínimo 40% do total atribuído neste guía a esta metodoloxía.

O

estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Se

houver criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As

persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será

considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se presentar ás probas escritas ou que non realizar os traballos tutelados.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma Moderno 3: Portugués/613G03057

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Idioma Moderno 2: Portugués/613G03054

Materias que continúan o temario

Idioma Moderno: Portugués/613G03051

Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías